

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

12727 Orde PRE/2071/2011, do 18 de xullo, pola que se corríxen erros na Orde PRE/1802/2011, do 24 de xuño, pola que se introducen modificacións de carácter técnico no Regulamento de circulación aérea, aprobado polo Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, relativas á seguridade dos servizos de tránsito aéreo.

Advertidos erros na Orde PRE/1802/2011, do 24 de xuño, pola que se introducen modificacións de carácter técnico no Regulamento de circulación aérea, aprobado polo Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, relativas á seguridade dos servizos de tránsito aéreo, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 156, do 1 de xullo de 2011, procédese a efectuar as oportunas modificacións:

Na páxina 16, artigo único, número dez, tras o número 1, falta engadir:

«1.bis. Modifícase o número 4.3.13.1, que queda redactado nos seguintes termos:

“4.3.13.1 Cando o solicite unha aeronave, e con tal de que o piloto da outra aeronave dea o seu consentimento e o procedemento fose previamente aprobado pola autoridade ATS competente, unha dependencia ATC poderá dar autorización a un voo controlado que opere no espazo aéreo de clases D e E en condicións meteorolóxicas visuais durante as horas diúrnas para que voe mantendo a súa propia separación con respecto unicamente a outra aeronave e permanecendo en condicións meteorolóxicas de voo visual. Cando así se lle permita a un voo controlado, rexerá o seguinte:

a) A autorización será para unha parte específica do voo a 3.050 m (10.000 ft) ou por debaixo durante a subida ou o descenso, quedando suxeito ás demais restricións que se prescriban a base de acordos rexionais de navegación aérea;

b) Se existe a posibilidade de que o voo non se poida realizar en condicións meteorolóxicas visuais, proporcionarase a un voo IFR as instrucións de alternativa que se deberán cumprir no caso de que o voo non se poida manter en VMC durante o prazo de validez da autorización;

c) Se o piloto dun voo IFR observa que as condicións se están deteriorando e considera que operar en VMC chegará a ser imposible, informará o ATC antes de entrar en IMC e procederá de conformidade coas instrucións de alternativa proporcionadas;

d) Proporcionarase información sobre o tránsito esencial aos voos controlados pertinentes cando constitúan entre si tránsito esencial.

Nota.–Esta información referirase inevitablemente aos voos controlados que fosen autorizados a reserva de manter a súa propia separación e permanecer en condicións meteorolóxicas de voo visual, e tamén sempre que se infrinxise a mínima de separación desexada”».

Na páxina 23, artigo único, número doce, na letra e) do número 4.5.4.3.3 do Regulamento de circulación aérea, onde di «... exceda os 28 km/h (15 kt), ou a compoñente de vento en cola, incluídos os refachos, exceda os 9 km/h (5 kt)», debe dicir: «... exceda os 37 km/h (20 kt), ou a compoñente de vento en cola, incluídos os refachos, exceda os 19 km/h (10 kt)».

Madrid, 18 de xullo de 2011.–O ministro da Presidencia, Ramón Jáuregui Atondo.